



CURSO DE INICIACION A EXPELEOLOXÍA

Curso de Formación
para persoas con
interese pola
espeleoloxía



Federación
Galega de
Espeleoloxía

ege | escola galega
de espeleoloxía

**CURSOS
2015** EXPELEOLOXÍA
DESCENSO DE CANÓNS



Obxectivos

Este curso pretende proporcionar un achegamento pleno a espeleoloxía, ofrecendo unha visión xeral da estrutura organizativa da Federación así como do medio no que se desenvolverá a actividade do espeleólogo/a: as cavidades

No apartado técnico o alumnado coñecerá os materiais usados nesta modalidade e aprenderá as técnicas básicas de progresión horizontal e vertical: pasos estreitos, laminadores, trepes e destrepes... Tamén aprenderá a moverse pola corda superando dificultades como os fraccionamentos, desviadores, péndulos, nós, pasamáns, entre outras, tanto en ascenso como en descenso

Destinatarios

Tódalas persoas maiores de 14 anos federados en espeleoloxía no ano en curso

Prazas ofertadas

15 prazas por curso, por rigorosa orde de inscrición
Para a realización do curso deberan cubrirse un mínimo de 8 prazas

Prezo

80 Euros
A manutención e desprazamentos serán por conta del alumnado

Horario

Sábados, de 09:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 20:00 horas
Domingos, de 09:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 20:00 horas

Data de realización

19 e 20 de setembro de 2015
3 e 4 de outubro de 2015

Modalidade de curso

Semipresencial, 35 horas presenciais, 5 horas na web

Profesorado

Carolina Rodríguez (directora do curso)
Profesores titulados da Escola Galega de Espeleoloxía

Inscrición

Solicitar o formulario de inscrición a escuela@espeleoloxia.org
Cubrir a inscrición, declaración xurada de capacidade física, autorización do/da titor/a no caso dos menores de idade, xustificante de ingreso bancario do curso, fotocopia da licenza ou certificado da solicitude

Estes documentos remitiranse vía e-mail a escuela@espeleoloxia.org

Esta inscrición formalizárase ata 15 días antes do curso

No caso de non participar no curso, a FGE reservarase o dereito de devolución do 80% do custe do curso, en aqueles casos que acrediten unha xustificación de forza maior por escrito

Lugar de realización

Refuxios da Federación Galega de Espeleoloxía en Mondoñedo (Lugo) e Cobas (Ourense)
<http://www.espeleoloxia.org/web/refugios/normasde-uso/>

Material persoal

Cada participante verá provisto de todo o material necesario para a pernocta (esteira, saco de durmir) así como roupa (tamén de recambio), toalla, chinelas, neceser, etc.

Mono exterior ou funda de traballo, Mono interior (Mallas/Camiseta térmica), botas (de goma ou tipo montaña), casco con iluminación eléctrica, lembre de levar PILAS (tamén de reposto), luvas (opcional), arnés de espeleoloxía con maillón, arnés de peito, dous cabos de ancoraxe, puño ou basic con pedal, croll, descendedor stop con mosquetón de freo, 6 mosquetóns, casco con iluminación e 2 metros de cordino de 9mm

A Federación dispón de material básico para emprestar a aqueles alumnos que o soliciten con 15 días de antelación á realización do curso.

Diploma outorgado

Diploma de asistencia con aproveitamento ó Curso de iniciación a Espeleoloxía
Será necesario asistir o 90% do total do curso para obter o diploma

*A ESCOLA GALEGA DE ESPELEOLOXÍA RESERVA O DEREITO DE REALIZAR MODIFICACIONES, RECTIFICACIONES OU CANCELACIONES, SE FOSEN NECESARIAS